



PROGRAMA OFICIAL DA MATERIA DE

CONTRABAIXO

CURSO 2011-2012

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN E FINALIDADE DAS ENSEINANZAS ELEMENTÁIS E PROFESIONÁIS DE MÚSICA.....	4
1. PRIMER CURSO – GRAO ELEMENTAL.....	5
2. SEGUNDO CURSO – GRAO ELEMENTAL.....	10
3. TERCER CURSO – GRAO ELEMENTAL.....	15
4. CUARTO CURSO – GRAO ELEMENTAL.....	20
5. PRIMER CURSO – GRAO PROFESIONAL.....	24
6. SEGUNDO CURSO – GRAO PROFESIONAL.....	30
7. TERCER CURSO – GRAO PROFESIONAL.....	35
8. CUARTO CURSO – GRAO PROFESIONAL.....	41
9. QUINTO CURSO – GRAO PROFESIONAL.....	47
10. SEXTO CURSO – GRAO PROFESIONAL.....	52
11. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	58
12. A CLASE COLECTIVA.....	59
13. PROPOSTA DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES E DE PROMOCIÓN DAS ENSEINANZAS PROGRAMADAS POLO DEPARTAMENTO.....	59

14. PROCEDIMENTOS PARA A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO.....	60
15. DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS DA PROGRAMACIÓN.....	61
16. PROBAS DE ACCESO A TODOS OS CURSOS AGÁS 1º DO G.E.....	61

INTRODUCCIÓN E FINALIDADE DAS ENSINANZAS ELEMENTÁIS E PROFESIONÁIS DE MÚSICA

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen coma finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

Grao Elemental:

No artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen dictadas no posterior decreto de 27 de Setembro de 2007.

A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

Grao Profesional:

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento no Conservatorio Profesional de Música de A Coruña.

A finalidade do grao elemental é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade necesaria que permita acceder ao grao profesional.

O grao profesional ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

1. PRIMER CURSO – GRAO ELEMENTAL

OBXECTIVOS DO GRAO ELEMENTAL

O ensino de instrumentos de corda no grao elemental terá como obxectivo contribuir a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

- Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e que favoreza o manexo do arco e da actividade da man esquerda, así como a coordinación entre ambos.
- Coñecer as características posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como de conxunto.
- Amosar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.

OBXECTIVOS DO CURSO

- Coñecer o instrumento, as súas posibilidades e papel nos distintos tipos de música.
- Coller o instrumento cunha boa posición.
- Aprender a coller e pasar o arco correctamente: papel do brazo dereito e dos dedos da man dereita, peso do brazo, cambio do arco, cambios de corda, partes do arco, pizzicato.
- Coñecer e traballar os golpes de arco: detaché, legato.
- Colocar ben a man esquerda: función dos dedos, papel do polegar, peso do brazo.
- Coñecer e traballar a primeira posición. Explorar todo o rexistro do instrumento.
- Practicar movementos básicos de preparación para o cambio de posición.
- Controlar a afinación. Aprender a afinar o instrumento.
- Tocar pequenas pezas con musicalidade, de acordo co nivel.
- Traballar a lectura a primeira vista. Desenvolver a memoria musical.

- Interpretar en público un repertorio acorde co nivel.
- Traballar en conxunto (pianista acompañante, clase colectiva, orquestra infantil, etc.), mostrando unha actitude participativa.
- Reforzar, neste curso, a lectura na clave de fa.
- Ser conscente da necesidade de estudar.

CONTIDOS

Os contidos do curso están recollidos en 17 unidades didácticas e un apéndice:

1_INTRODUCCIÓN

- A familia da corda e características do instrumento; audicións destinadas a dar a coñecer o seu papel na música sinfónica, de cámara e de jazz, así como o repertorio solista.
- Partes do instrumento e do arco. Mantemento e accesorios.

2_FORMA DE COLLER O CONTRABAIXO E O ARCO

- Forma de coller o instrumento.
- Forma de coller o arco; exercicios de toma do arco.
- Exercicios para coller forza na man.

3_EXERCICIOS EN PIZZICATO

- Clave de Fa en 4º.
- Exs. en pizzicato en todas as cordas.

4_EXERCICIOS DE ARCO. DETACHÉ

- Cómo pasar o arco; papel do brazo dereito; cambio de arco.
- Exercicios en cordas ó aire; detaché.

5_CAMBIO DE CORDA

- Cambio de corda; preparación.

6_COLOCACIÓN DA MAN ESQUERDA - 1ª POSICIÓN

- Posición da man esquerda. Función da mán, dedos e brazo.
- Exercicios para coller forza na man.
- Primeira posición. Colocación dos dedos.

7_PRIMEIRA POSICIÓN

- Traballo de diversas pezas.

8_DEIXAR OS DEDOS PISADOS

- Exercicios básicos de mecanismo.
- Coordinación da man esquerda e do brazo do arco.

9_NOTAS NA TERCEIRA CORDA

- Aprendizaxe das notas na terceira corda.

10_LEVANTAR O ARCO

- Recuperación do arco.

11_DISTRIBUCIÓN DO ARCO

- Exercicios nas partes do arco: talón, metade e punta.

12_ANTICIPACIÓN DA MAN ESQUERDA

- Aprender a pisar as notas por adiantado cando sexa posible.

13_NOTAS NA 4ª CORDA

- Aprendizaxe das notas na cuarta corda.

14_TOCAR DE MEMORIA

- Recomendacións e exercicios prácticos.

15_LEGATO

- Exs. de ligaduras nunha corda.
- Exs. de ligaduras en dúas cordas.

16_COMPENDIO 1ª POSICIÓN

- Traballo de diversas pezas, compendio do traballado no curso.

17_EXPLORACIÓN DO INSTRUMENTO

- Notas en todos os rexistros co primeiro dedo.
- Glissando.

APÉNDICE

- Notas en clave de fa.
- Distancias entre as notas.
- Afinación do instrumento.

METODOLOXÍA E RECURSOS DIDÁCTICOS

O carácter individual do ensino da música nos posibilita atender a cada alumno dun xeito particular, polo que as estratexias educativas variarán en función de cada caso, aplicándose coa flexibilidade necesaria.

A metodoloxía empregada é unha mestura de procedementos de descubrimento, onde o alumno desenrola tarefas de dificultade ascendente, e procedementos demostrativos, correccións e suxerencias por parte do profesor. O alumno levará unha ou varias pezas, precedidas por unha explicación/exposición do profesor, as traballará na casa, e sobre esa base traballarase na clase co profesor, aplicando as estratexias que servirán de modelo para acadar a autonomía necesaria no estudo individual. Algunhas das pezas serán interpretadas en público, o que implica tamén ensaiar co pianista acompañante.

Os recursos empregados serán os seguintes:

- A. PORTELA : Recopilación para Contrabaixo - Grao Elemental vol. I
- G.E. ANDERSON e R.S. FROST : All for strings, vol.I (Neil A.Kjos music co.)
- C. EMERY : Bass is best (ed. Yorke)
- P. ROLLAND - S. JOHNSON : Young strings in action (Boosey & Hawkes)
- T. OSBORNE : The really easy bass book (ed. Faber music)
- R. SLATFORD : Yorke solos vol. I (ed. Yorke)
- A. BRIAN : March of the giants (ed. Belwin-Mills)
- T. OSBORNE : The double bass sings (ed. Piper music)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Coller axeitadamente o instrumento.
2. Coller ben o arco e pasalo axeitadamente polas cordas. Coñecer o detaché e o legato.
3. Colocar correctamente os dedos da man esquerda.
4. Coñecer a primeira posición.
5. Interpretar textos musicais empregando a medida, afinación, articulación e fraseo axeitados ó seu contido.
6. Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual.
7. Interpretar en público obras representativas do seu nivel no instrumento.

8. Participar activamente nas clases colectivas, ensaios co pianista acompañante e audicións programadas.
9. Manifestar a capacidade de adaptación ó resto dos instrumentos ou voces (piano acompañante). Traballar en conxunto, mostrando unha actitude participativa.

MÍNIMO ESIXIBLE TRIMESTRAL

O mínimo esixible consistirá na correcta execución na clase e nas audicións dun tercio do repertorio tanto técnico (escalas, estudos, exercicios) como musical que se fixou de xeito individual co alumno a principio do curso, atendendo ós criterios de avaliación xerais do curso detallados antes.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Ordinarios

- Avaliación continua ó longo do curso.
- Avaliación puntual nas audicións.
- Os profesores realizarán controis e/o exámenes de aula para reforzar o proceso avaliativo.

Alternativos

Conforme á normativa do centro, o alumno perderá o dereito á avaliación continua no caso de ter catro ou máis faltas sen xustificar ó longo do curso e terá que realizar unha proba de aptitude ó remate do curso. Dita proba, para a que será convocado, consistirá na interpretación do programa de acceso ó segundo curso de grao elemental.

MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

- Os alumnos que necesiten medidas de recuperación poderán asistir como oíntes ás clases de compañeiros de niveis similares.
- Exames de recuperación ó longo do curso.

- Os profesores contemplarán a posibilidade de destinar algunhas clases colectivas a traballar aspectos técnicos concretos como medida de recuperación para os alumnos que o necesiten.

PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO

- Os alumnos que teñan suspendido a convocatoria de xuño teñen dereito a un exame en setembro. Neste exame deberán interpretar dúas obras extraídas das listas de obras orientativas correspondentes ó curso inmediatamente superior e un fragmento de lectura a vista.
- En caso de dúbida o alumno deberá consultar co profesor correspondente.

CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

Para ampliar matrícula na materia de contrabaixo será necesario ter superados todos os obxectivos do curso antes do remate do primeiro trimestre.

2. SEGUNDO CURSO – GRAO ELEMENTAL

OBXECTIVOS DO GRAO ELEMENTAL

O ensino de instrumentos de corda no grao elemental terá como obxectivo contribuir a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

- Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e que favoreza o manexo do arco e da actividade da man esquerda, así como a coordinación entre ambos.
- Coñecer as características posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como de conxunto.
- Amosar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.

OBXECTIVOS DO CURSO

- Coller o arco correctamente e pasalo recto polas cuerdas cun bó punto de contacto.
- Traballar o cambio do arco, os cambios de corda e as distintas zonas do arco.
- Coñecer e traballar os golpes de arco: detaché, legato, staccato.
- Colocar correctamente a man esquerda.
- Traballar as posicións superiores do mástil ata a terceira posición.
- Traballar os cambios de posición. Explorar o rexistro do instrumento.
- Controlar constantemente a afinación e a calidade do son, buscando que o alumno chegue a xuzgar por sí mesmo.
- Tocar pequenas pezas con musicalidade, de acordo co nivel.
- Desenvolver o concepto de autocontrol muscular; relaxación; importancia da respiración na interpretación e relación co fraseo.
- Traballar a lectura a primeira vista. Desenvolver a memoria musical.
- Interpretar en público un repertorio acorde co nivel.
- Traballar en conxunto (pianista acompañante, clase colectiva, orquestra infantil, etc.), mostrando unha actitude participativa.
- Adquirir hábitos correctos de estudo.

CONTIDOS

Os contidos do curso están recollidos en 18 unidades didácticas e un apéndice:

1_ARTICULACIÓNS

- Notas picadas, acentuadas e marcato.

2_CUARTA POSICIÓN

- Traballo do rexistro medio do instrumento cun punto de referencia.

3_STACCATO

- Exercicios de staccato.

4_MEDIA POSICIÓN 1

- Introducción á media posición.

5_MEDIA POSICIÓN 2

- Escala de sib M e pezas en media posición

6_CAMBIO DE ARCO A PIZZICATO

- Práctica do cambio
- Estudo en media posición (arco e pizzicato)

7_LEGATO

- Ejercicios de legato.

8_CAMBIO DE POSICIÓN ½ A 1ª

- Ejercicios de cambio de posición.

9_ESCALAS E ARPEXIOS

- La M e Mi M (media e primeira posicións)

10_NOTAS LONGAS

- Ejercicios para extender a duración do arco. Tráballo do son.

11_O PUNTIÑO

- Ejercicios de distribución do arco en ritmos con puntiño.

12_SEGUNDA POSICIÓN 1

- Introducción á segunda posición.

13_SEGUNDA POSICIÓN 2

- Ejercicios en segunda posición.

14_SEGUNDA POSICIÓN 3

- Pezas e ejercicios en segunda posición.

15_SEGUNDA POSICIÓN ALTA

- Tráballo da segunda posición alta.

16_TERCEIRA POSICIÓN 1

- Introducción á terceira posición.

17_TERCEIRA POSICIÓN 2

- Pezas e ejercicios en terceira posición.

18_TERCEIRA POSICIÓN 3

- Pezas en terceira posición.

APÉNDICE

- Posicións.
- Notas ata a 3ª posición.
- Cifrado das dicitacións.
- Estiramientos para contrabaixistas.
- Escala.

METODOLOXÍA E RECURSOS DIDÁCTICOS

O carácter individual do ensino da música nos posibilita atender a cada alumno dun xeito particular, polo que as estratexias educativas variarán en función de cada caso, aplicándose coa flexibilidade necesaria.

A metodoloxía empregada é unha mestura de procedementos de descubrimento, onde o alumno desenrola tarefas de dificultade ascendente, e procedementos demostrativos, correccións e suxerencias por parte do profesor. O alumno levará unha ou varias pezas, precedidas por unha explicación/exposición do profesor, as traballará na casa, e sobre esa base traballarase na clase co profesor, aplicando as estratexias que servirán de modelo para acadar a autonomía necesaria no estudo individual. Algunhas das pezas serán interpretadas en público, o que implica tamén ensaiar co pianista acompañante.

Os recursos empregados serán os seguintes:

- A. PORTELA : Recopilación para Contrabaixo - Grao Elemental vol. II
- C. EMERY : Bass is best (ed. Yorke)
- G.E. ANDERSON e R.S. FROST : All for strings, vol.I e II (ed. Neil A.Kjos)
- L. STREICHER : Método, vol.I (ed. Doblinger)
- I. CARROLL : 5 simple pieces (ed. Steiner & Bell)
- C. NORTON : Microjazz for db. (ed. Boosey & Hawkes)
- K. HARTLEY : Double bass solo (ed. Oxford Unity Press)
- G.E. ANDERSON e R.S. FROST : Solos & studes (ed. Neil A.Kjos)
- R. SLATFORD : Yorke solos vol. I (ed. Yorke)
- rec. A. MIHNO : Etudes for beginners (ed. Moskow Muzika)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Coller axeitadamente o instrumento.
2. Coller ben o arco e pasalo recto polas cordas. Detaché, legato e staccato.
3. Colocar correctamente os dedos da man esquerda.
4. Coñecer a media, primeira e segunda posicións.

5. Interpretar textos musicais empregando a medida, afinación, articulación e fraseo axeitados ó seu contido.
6. Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual.
7. Interpretar en público obras representativas do seu nivel no instrumento.
8. Participar activamente nas clases colectivas, ensaios co pianista acompañante e audicións programadas.
9. Manifestar a capacidade de adaptación ó resto dos instrumentos ou voces (piano acompañante). Traballar en conxunto, mostrando unha actitude participativa.

MÍNIMO ESIXIBLE TRIMESTRAL

O mínimo esixible consistirá na correcta execución na clase e nas audicións dun tercio do repertorio tanto técnico (escalas, estudos, exercicios) como musical que se fixou de xeito individual co alumno a principio do curso, atendendo ós criterios de avaliación xerais do curso detallados antes.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Ordinarios

- Avaliación continua ó longo do curso.
- Avaliación puntual nas audicións.
- Os profesores realizarán controis e/o exámenes de aula para reforzar o proceso avaliativo.

Alternativos

Conforme á normativa do centro, o alumno perderá o dereito á avaliación continua no caso de ter catro ou máis faltas sen xustificar ó longo do curso e terá que realizar unha proba de aptitude ó remate do curso. Dita proba, para a que será convocado, consistirá na interpretación do programa de acceso ó terceiro curso de grao elemental.

MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

- Os alumnos que necesiten medidas de recuperación poderán asistir como oíntes ás clases de compañeiros de niveis similares.
- Exames de recuperación ó longo do curso.
- Os profesores contemplarán a posibilidade de destinar algunhas clases colectivas a traballar aspectos técnicos concretos como medida de recuperación para os alumnos que o necesiten.

PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO

- Os alumnos que teñan suspendido a convocatoria de xuño teñen dereito a un exame en setembro. Neste exame deberán interpretar dúas obras extraídas das listas de obras orientativas correspondentes ó curso inmediatamente superior e un fragmento de lectura a vista.
- En caso de dúbida o alumno deberá consultar co profesor correspondente.

CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

Para ampliar matrícula na materia de contrabaixo será necesario ter superados todos os obxectivos do curso antes do remate do primeiro trimestre.

3. TERCER CURSO – GRAO ELEMENTAL

OBXECTIVOS DO GRAO ELEMENTAL

O ensino de instrumentos de corda no grao elemental terá como obxectivo contribuir a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

- Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e que favoreza o manexo do arco e da actividade da man esquerda, así como a coordinación entre ambos.

- Coñecer as características posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como de conxunto.
- Amosar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.

OBXECTIVOS DO CURSO

- Tocar cunha posición relaxada; coñecer a importancia da respiración para a interpretación.
- Pasar correctamente o arco; traballar a calidade do son.
- Traballar os golpes de arco: detaché, legato, staccato.
- Ser capaz de utilizar todas as zonas do arco (talón, metade e punta)
- Traballar todas as posicións ata a cuarta inclusive.
- Practicar os cambios de posición.
- Coñecer os armónicos máis importantes.
- Controlar a afinación, potenciando o autocontrol da mesma.
- Traballar a primeira vista. Desenvolver a memoria musical.
- Tocar pequenas pezas con musicalidade, de acordo co nivel.
- Desenvolver o concepto de fraseo.
- Interpretar en público un repertorio acorde co nivel.
- Traballar en conxunto (pianista acompañante, clase colectiva, orquestra infantil, etc.), mostrando unha actitude participativa.
- Adquirir hábitos correctos de estudo.

CONTIDOS

- E exercicios para a produción do son. Exs. de condución do arco.
- Velocidade, presión e punto de ataque. Golpes de arco (combinacións de notas soltas e ligadas; patróns rítmicos). Cambios de corda.
- Traballo das distintas partes do arco. Ataques e cambios de arco.
- Pizzicato; cambio de arco a pizz. e viceversa.

- Introducción e estudio das novas posicións ata a terceira posición.
- Cambios de posición. Cambio de posición e de corda simultáneos.
- Escalas e arpexios na tesitura estudiada. Intervalos.
- Dobres cordas para o control da afinación.
- E exercicios de mecanismo. Anticipación.
- Exs. de preparación para o vibrato.
- Armónicos.
- Exs. para desenvolver a memoria musical. Control muscular, relaxación, respiración: exercicios.
- Interpretación de obras e estudos de dificultade acorde co nivel.
- Lectura a primeira vista.
- Práctica de conxunto. Audicións.

METODOLOXÍA E RECURSOS DIDÁCTICOS

O carácter individual do ensino da música nos posibilita atender a cada alumno dun xeito particular, polo que as estratexias educativas variarán en función de cada caso, aplicándose coa flexibilidade necesaria.

A metodoloxía empregada é unha mestura de procedementos de descubrimento, onde o alumno desenrola tarefas de dificultade ascendente, e procedementos demostrativos, correccións e suxerencias por parte do profesor. O alumno levará unha ou varias pezas, precedidas por unha explicación/exposición do profesor, as traballará na casa, e sobre esa base traballarase na clase co profesor, aplicando as estratexias que servirán de modelo para acadar a autonomía necesaria no estudo individual. Algunhas das pezas serán interpretadas en público, o que implica tamén ensaiar co pianista acompañante.

Os recursos empregados serán os seguintes:

- A. PORTELA : Recopilación para Contrabaixo - Grao Elemental vol. III
- R. SLATFORD : Yorke solos vol. I (ed. Yorke)
- C. NORTON : Microjazz for db. (ed. Boosey & Hawkes)
- S. LANCEN : Berceuse for baby hippopotamus (ed. Yorke)
- P. HINDEMITH : Stücke für Kontrabaß sol (ed. Schott)

rec. A. MIHNO : Etudes for beginners (ed. Moskow Muzika)
G.E. ANDERSON e R.S. FROST : Solos & studes (ed. Neil A.Kjos)
F. SIMANDL : Método [vol. 1] (ed. IMC)
(ed. Ludwin Music) : Beginning bass and piano [vol. 2]
(ed. VEB - Leipzig) : Leichte Spielstucke für Kb. und Klavier vol. 1

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Coller axeitadamente o instrumento e o arco. Tocar co brazo dereito nunha posición relaxada. Detaché, legato e staccato.
2. Colocar correctamente os dedos da man esquerda. Anticipación.
3. Coñecer o rexistro ata a cuarta posición.
4. Interpretar e memorizar textos musicais empregando a medida, afinación, articulación e fraseo axeitados ó seu contido.
5. Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual.
6. Interpretar en público obras representativas do seu nivel no instrumento.
7. Participar activamente nas clases colectivas, ensaios co pianista acompañante e audicións programadas.
8. Leer textos a primeira vista con fluidez e comprensión. Improvisar como medio de desenvolver a creatividade e o diálogo.
9. Manifestar a capacidade de adaptación ó resto dos instrumentos ou voces (piano acompañante). Traballar en conxunto, mostrando unha actitude participativa.

MÍNIMO ESIXIBLE TRIMESTRAL

O mínimo esixible consistirá na correcta execución na clase e nas audicións dun tercio do repertorio tanto técnico (escalas, estudos, exercicios) como musical que se fixou de xeito individual co alumno a principio do curso, atendendo ós criterios de avaliación xerais do curso detallados antes.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Ordinarios

- Avaliación continua ó longo do curso.
- Avaliación puntual nas audicións.
- Os profesores realizarán controis e/o exámenes de aula para reforzar o proceso avaliativo.

Alternativos

Conforme á normativa do centro, o alumno perderá o dereito á avaliación continua no caso de ter catro ou máis faltas sen xustificar ó longo do curso e terá que realizar unha proba de aptitude ó remate do curso. Dita proba, para a que será convocado, consistirá na interpretación do programa de acceso ó cuarto curso de grao elemental.

MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

- Os alumnos que necesiten medidas de recuperación poderán asistir como oíntes ás clases de compañeiros de niveis similares.
- Exames de recuperación ó longo do curso.
- Os profesores contemplarán a posibilidade de destinar algunhas clases colectivas a traballar aspectos técnicos concretos como medida de recuperación para os alumnos que o necesiten.

PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO

- Os alumnos que teñan suspendido a convocatoria de xuño teñen dereito a un exame en setembro. Neste exame deberán interpretar dúas obras extraídas das listas de obras orientativas correspondentes ó curso inmediatamente superior e un fragmento de lectura a vista.
- En caso de dúbida o alumno deberá consultar co profesor correspondente.

CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

Para ampliar matrícula na materia de contrabaixo será necesario ter superados todos os obxectivos do curso antes do remate do primeiro trimestre.

4. CUARTO CURSO – GRAO ELEMENTAL

OBXECTIVOS DO GRAO ELEMENTAL

O ensino de instrumentos de corda no grao elemental terá como obxectivo contribuir a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

- Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e que favoreza o manexo do arco e da actividade da man esquerda, así como a coordinación entre ambos.
- Coñecer as características posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como de conxunto.
- Amosar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.

OBXECTIVOS DO CURSO

- Aumentar o autocontrol muscular; tocar cunha postura relaxada; coñecer a importancia da respiración para a interpretación.
- Pasar correctamente o arco; traballar a calidade do son.
- Coñecer e traballar os golpes de arco: detaché, legato, staccato, martelé.
- Ser capaz de utilizar todas as zonas do arco (talón, metade e punta). ?
- Traballar todas as posicións ata a sexta inclusive.
- Practicar cambios de posición de varios tipos.
- Iniciarse na práctica do vibrato.

- Controlar a afinación, potenciando o autocontrol da mesma. Usar armónicos para controlar a afinación.
- Traballar a lectura a primeira vista. Desenvolver a memoria musical.
- Tocar pezas con musicalidade, de acordo co nivel.
- Interpretar en público un repertorio acorde co nivel.
- Traballar en conxunto (pianista acompañante, clase colectiva, orquestra infantil, etc.), mostrando unha actitude participativa.
- Adquirir hábitos correctos de estudo.
- Preparar a proba de acceso a grao medio.

CONTIDOS

- E exercicios para a produción do son. Exs. de condución do arco.
- Velocidade, presión e punto de ataque. Golpes de arco (combinacións de notas soltas e ligadas; patróns rítmicos). Cambios de corda.
- Traballo das distintas partes do arco. Ataques e cambios de arco.
- Introducción e estudio das novas posicións ata a sexta posición.
- Cambios de posición de varios tipos.
- Escalas e arpexios na tesitura estudiada. Intervalos.
- Dobres cordas para o control da afinación.
- E exercicios de mecanismo. Anticipación.
- Exs. de vibrato.
- Armónicos.
- Exs. para desenvolver a memoria musical. Control muscular, relaxación, respiración: exercicios.
- Interpretación de obras e estudos de dificultade acorde co nivel.
- Lectura a primeira vista.
- Práctica de conxunto. Audicións.

METODOLOXÍA E RECURSOS DIDÁCTICOS

O carácter individual do ensino da música nos posibilita atender a cada alumno dun xeito particular, polo que as estratexias educativas variarán en función de cada caso, aplicándose coa flexibilidade necesaria.

A metodoloxía empregada é unha mestura de procedementos de descubrimento, onde o alumno desenrola tarefas de dificultade ascendente, e procedementos demostrativos, correccións e suxerencias por parte do profesor. O alumno levará unha ou varias pezas, precedidas por unha explicación/exposición do profesor, as traballará na casa, e sobre esa base traballarase na clase co profesor, aplicando as estratexias que servirán de modelo para acadar a autonomía necesaria no estudo individual. Algunhas das pezas serán interpretadas en público, o que implica tamén ensaiar co pianista acompañante.

Os recursos empregados serán os seguintes:

A. PORTELA : Recopilación para Contrabaixo - Grao Elemental vol. IV

L. STREICHER : Método, vols.I, II e III (ed. Doblinger)

F. SIMANDL : 30 estudos (ed. IMC)

(ed. VEB - Leipzig) : Leichte Spielstucke für Kb. und Klavier vols. 1 e 2

(recopilación) A. MIHNO : Etudes for beginners (ed. Moskow Muzika)

C. NORTON : Microjazz for db. (ed. Boosey & Hawkes)

(recopilación) R. SLATFORD : Yorke Studies (ed. Yorke)

M. DARE : Menuet (ed. Yorke)

C. SAINT-SÄENS : O elefante (de "El carnaval de los animales")

C. HOAG : Variacións sobre un tema de John Blow (ed. T.Presser)

P. PEREIRO: Himno e valse op. 164

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Avanzar cara ó autocontrol muscular; tocar cunha postura relaxada; coñecer a importancia da respiración para a interpretación.
2. Pasar correctamente o arco. Traballar constantemente a calidade do son; autocontrol do mesmo. Coñecer os golpes de arco seguintes: detaché, legato, martelé, staccato.
3. Traballar todas as posicións ata a sexta inclusive. Cambios de posición de varios tipos. Anticipación da man esquerda. Armónicos da oitava. Iniciar ó vibrato.

4. Controlar a afinación, potenciando o autocontrol da mesma.
5. Traballar a lectura a primeira vista. Desenvolver a memoria musical. Improvisar como medio de desenvolver a creatividade e o diálogo.
6. Tocar pezas e pasaxes orquestais con musicalidade, de acordo co nivel; desenvolver o concepto de fraseo.
7. Interpretar en público un repertorio acorde co nivel.
8. Participar activamente nas clases colectivas, ensaios co pianista acompañante e audicións programadas. Traballar en conxunto, mostrando unha actitude participativa.
9. Preparar a proba de acceso a grao medio.

MÍNIMO ESIXIBLE TRIMESTRAL

O mínimo esixible consistirá na correcta execución na clase e nas audicións dun tercio do repertorio tanto técnico (escalas, estudos, exercicios) como musical que se fixou de xeito individual co alumno a principio do curso, atendendo ós criterios de avaliación xerais do curso detallados antes.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Ordinarios

- Avaliación continua ó longo do curso.
- Avaliación puntual nas audicións.
- Os profesores realizarán controis e/o exámenes de aula para reforzar o proceso avaliativo.
- No segundo trimestre faráse unha proba técnica que se lle detallará ó alumno a principio de curso.
- Para cuarto de grao elemental os profesores poderán establecer unha proba práctica final de nivel.

Alternativos

Conforme á normativa do centro, o alumno perderá o dereito á avaliación continua no caso de ter catro ou máis faltas sen xustificar ó longo do curso e terá que realizar unha proba de aptitude ó remate do curso. Dita proba, para a

que será convocado, consistirá na interpretación do programa de acceso ó primeiro curso de grao profesional.

MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

- Os alumnos que necesiten medidas de recuperación poderán asistir como oíntes ás clases de compañeiros de niveis similares.
- Exames de recuperación ó longo do curso.
- Os profesores contemplarán a posibilidade de destinar algunhas clases colectivas a traballar aspectos técnicos concretos como medida de recuperación para os alumnos que o necesiten.

PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO

- Os alumnos que teñan suspendido a convocatoria de xuño teñen dereito a un exame en setembro. Neste exame deberán interpretar dúas obras extraídas das listas de obras orientativas correspondentes ó curso inmediatamente superior e un fragmento de lectura a vista.
- En caso de dúbida o alumno deberá consultar co profesor correspondente.

CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

Para ampliar matrícula na materia de contrabaixo será necesario ter superados todos os obxectivos do curso antes do remate do primeiro trimestre.

5. PRIMER CURSO – GRAO PROFESIONAL

OBXECTIVOS DO GRAO PROFESIONAL

As ensinanzas dos instrumentos de corda (violín, viola, violoncello e contrabaixo) dos estudos profesionais de música terán como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, etc.
- Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.
- Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- Desenvolver a capacidade de lectura á primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- Practicar a música de conxunto, integrándose en formacións camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos cometidos.
- Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos dunha dificultade de acordo con este nivel.

OBXECTIVOS DO CURSO

- Consolidar o rexistro medio do instrumento (posicións cuarta a sétima).
- Continuar co desenvolvemento técnico xeral no rexistro empregado.
- Prestar atención ó control muscular, relaxación e respiración.
- Controlar constantemente a calidade do son; velocidade, presión e punto de ataque do arco.
- Estudar diversos golpes de arco.
- Traballar os cambios de posición.

- Traballar o vibrato.
- Interpretar obras de diversos estilos con acompañamento de piano para aumentar o autocontrol da afinación, así como traballar os distintos aspectos musicais involucrados.
- Traballar pasaxes de orquestra de dificultade acorde co nivel.
- Traballar a lectura a primeira vista. Desenvolver progresivamente a memoria musical.
- Introducir no alumno hábitos correctos de estudo. Autoavaliación.
- Traballar en conxunto mostrando unha actitude participativa.

CONTIDOS

- Interpretación de obras e estudos de dificultade acorde co nivel.
- Traballo de pasaxes orquestais sinxelos, con audicións e interpretación coa grabación; traballo de pasaxes propostas polos profesores de orquestra para o curso.
- Exercicios para traballar o paso do arco (velocidade, presión e punto de ataque); cambio de arco; golpes de arco á corda e saltados.
- Escalas e arpexios ata a sétima posición.
- Exercicios de mecanismo; exercicios de vibrato; exercicios de cambios de posición.
- Iniciación ó coñecemento dos distintos estilos musicais : barroco e clasicismo.
- Estudio da partitura sen instrumento.
- Entrenamento progresivo da memoria.
- Lectura a primeira vista.

METODOLOXÍA E RECURSOS DIDÁCTICOS

O carácter individual do ensino da música nos posibilita atender a cada alumno dun xeito particular, polo que as estratexias educativas variarán en función de cada caso, aplicándose coa flexibilidade necesaria.

A metodoloxía empregada é unha mestura de procedementos de descubrimento, onde o alumno desenrola tarefas de dificultade ascendente, e procedementos demostrativos, correccións e suxerencias por parte do profesor.

O alumno levará unha ou varias pezas, precedidas por unha explicación/exposición do profesor, as traballará na casa, e sobre esa base traballarase na clase co profesor, aplicando as estratexias que servirán de modelo para acadar a autonomía necesaria no estudo individual. Algunhas das pezas serán interpretadas en público, o que implica tamén ensaiar co pianista acompañante.

Os recursos empregados serán os seguintes:

a) Métodos, estudos, exercicios

A. PORTELA : Recopilación de exercicios técnicos - Grao Profesional vol. I

L. STREICHER : Método, vol.I (ed. Doblinger)

F. SIMANDL : 30 estudos (ed. IMC)

(recopilación) A. MIHNO : Etudes for beginners (ed. Moskow Muzika)

VARIOS: Pasaxes orquestais, vols. I-VII (ed. IMC)

(recopilación) L. DREW : 77 baroque bass lines (ed. UMM Publications)

K.HARTLEY: Double bass solo, vol.II (ed. Oxford Press)

b) Pezas con piano

PERGOLESE : Tre giorni (ed. Carl Fisher)

TELEMANN : Vivace

M.WEINSTEIN : Contemporary modal solos (ed. UMMP)

F. GOSSEC : Gavote (ed. Carl Fischer)

